

FÁCIL E CÓMODO

- 1 Chama ao teu Concello para solicitar a recollida. Terás que indicar os teus datos, o teu enderezo e o tipo e número de residuos que precisas desbotar ao punto limpo.
- 2 O Concello enviará ao Servizo Punto Limpo Móbil da Deputación de Ourense a túa solicitude.
- 3 Dende a Deputación de Ourense chamarémoste para indicarche a data na que o Punto Limpo Móbil pasará preto da túa casa e pedirémoste que deixes os residuos voluminosos ao carón do punto de contenerización de proximidade mais cercano.

Se vives nun dos 54 Concellos adheridos ao Convenio Marco da Deputación para a prestación do servizo integral de recollida de residuos municipais xa non tes escusa para desfacerte dos teus residuos cuidando do medio ambiente.



Máis info:

www.limpourense.es



Orde do 5 de maio de 2020 (D.O.G. Núm. 92, do 13 de maio de 2020) - Axudas en materia de residuos de competencia municipal cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020



SERVIZO DE **RECOLLIDA A DOMICILIO**
DE RESIDUOS PARA O **PUNTO LIMPO**



Co financiamento de:




FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO
REXIONAL
"Uma maneira de facer Europa"



XUNTA
DE GALICIA

QUE RESIDUOS RECOLLERÁ O PUNTO LIMPO MÓBIL?



VOLUMINOSOS E MOBLES

Os mobles, aveños e obxectos de uso diario e de decoración dun fogar tales como camas, mesas, cadeiras, armarios, somieres, colchóns, sofás, etc.



ROUPA E CALZADO

A roupa de vestir, o calzado e o téxtil do fogar e outros produtos téxtiles, unha vez usados durante convértense en residuos. Se crees que non os podes doar para que os empregue xente que os precisa, son residuos para o punto limpo.



EQUIPAMENTOS ELÉCTRICOS, ELECTRÓNICOS E ELECTRODOMÉSTICOS

Os residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE) son aqueles elementos que utilizamos diariamente, como cepillos de dentes eléctricos, secadores de pelo, lámpadas, tablets, lavadoras, teléfonos, frigoríficos ou ferros, e que cando deixan de funcionar vólvense inservibles e pasan a ser considerados como RAEE.



**PUNTO
LIMPO
MÓBIL**

